

XXVII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE O NADAL

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de BEGONTE –entidade promotora do Belén Electrónico– con patrocinio da CAIXA RURAL GALEGA, co fin de potenciar o espírito do Nadal nos nenos, convoca o

XXVII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE "O NADAL"

de acordo coas seguintes BASES:

1. Poden concorrer todos os nenos, a través dos seus colexios.

2. Establécense dúas categorías:

- A.– Ata os 10 anos.
- B.– De 11 a 15 anos.

3. Concederanse os seguintes premios:

A.– 3 primeiros premios, dotados con 60 euros e trofeo.

5 segundos premios, dotados con 30 euros e trofeo.

B.– 3 primeiros premios, dotados con 60 euros e trofeo.

5 segundos premios, dotados con 30 euros e trofeo.

4. Os temas serán libres dentro do tema xenérico "O NADAL". O tamaño dos orixinais será como mínimo de 1/2 folio e máximo de 1 folio. Deberán ser presentados en cartulina.

5. Cada colexio non poderá remitir máis de 25 traballos para cada categoría.

6. A admisión de orixinais rematará o día 24 de decembro do ano 2002, debendo ser entregados ou remitidos ó CENTRO CULTURAL "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN" de BEGONTE (Lugo).

Entidades colaboradoras:

- EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística
- SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES COS MEDIOS
DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
- CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
Dirección Xeral de Promoción Cultural
- EXCMO. CONCELLO DE BEGONTE
- FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
- CAIXA RURAL DE LUGO

14-12-2001

18,00 Igrexa parroquial de Begonte:

PREGÓN DO NADAL, a cargo de EMILIO VALADÉ DEL RÍO.

Recital de panxoliñas do ORFEÓN LUCENSE, dirixido por NEMESIO GUTIÉRREZ GONZÁLEZ.

19,00 Inauguración do Belén Electrónico.

1-2-2002

18,00 Igrexa parroquial:

Entrega de premios dos Certames Culturais.

Clausura de actividades

Recital de panxoliñas da POLIFÓNICA VILABESA, dirixida por UXÍO GARCÍA AMOR.

HORARIO DE VISITAS Ó BELÉN ELECTRÓNICO:

Laborables: 15:00 a 19:30

Festivos: 11:00 a 14:00 e 15:00 a 20:00

Grupos: avisar previamente ó teléf. 982 39 61 21

O Nadal en Begonte

XXXI EDICIÓN

14-12-2002 / 1-2-2003



**CENTRO CULTURAL
JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN**
Belén Electrónico

XIII CERTAME GALEGO DE ARTE "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"

O Centro Cultural de Begonte, co patrocinio da EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, convoca o

XIII CERTAME GALEGO DE ARTE "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"

de acordo coas seguintes BASES:

- 1.** O premio JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de arte está dotado con 1.500 euros e estatuña de Sargadelos.
- 2.** Adxudicarase á obra pictórica (considerada no senso máis amplo) que resulte seleccionada polo Xurado calificador, que estará formado por especialistas na materia xunto con representantes do centro convocante e da entidade patrocinadora.
- 3.** Poderán optar a este premio obras de pintores galegos, de tema libre, e con tamaño máximo de 1,5 m. por 1 m., con ou sen marco.
- 4.** Cada autor poderá presentar un máximo de dúas obras, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor.
- 5.** As obras, debidamente protexidas para evitar calquera deterioro, serán remitidas –libres de gastos– ó Centro Cultural de Begonte. Seránllas devoltas libres de gastos ó enderezo que indiquen.
- 6.** O prazo de presentación remata ás 12 horas do día 25 de decembro de 2002. O Xurado seleccionará de entre as obras presentadas aquelas que deban ser expostas e –entrelas– a gañadora do Certame.
- 7.** A obra premiada quedará en propiedade da entidade convocante. As non seleccionadas serán devoltas ós concursantes de inmediato. As seleccionadas non premiadas serán devoltas ó remate do Certame.

NOTAS:

- Enténdese por autores galegos os nados en Galicia ou residentes habituais.
- Poderase organizar unha exposición na capital license coas obras seleccionadas, co fin de apoia-la difusión deste Certame.

XXVII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte –entidade que promove o Belén electrónico– co patrocinio da FUNDACIÓN CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 2002, ven de convoca-lo

XXVII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

que se vai rexir polas seguintes BASES:

- 1.** Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán.
- 2.** O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
- 3.** Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
- 4.** É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.** Hanse concede-los seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuña de Sargadelos.
- 6.** A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro do ano 2003.
- 7.** Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais do autor.

XXVII CERTAME DE XORNALISMO "BEGONTE E O NADAL"

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO, co patrocinio da Xunta de Galicia e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XXVII CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"

de acordo coas seguintes BASES:

- A.** Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.
- B.** Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:
 - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO.– 300 euros e estatuña de Sargadelos.
- C.** O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro do 2003, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.
- D.** A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.